

# Palabras de Teresa Barro no acto de presentaciÃ³n da obra *O perdurable legado de Fernando PÃ©rez-Barreiro*.

## Description

Estamos hoxe en Ferrol recordando a Fernando, unha persoa que naceu aquÃ­ e na que Ferrol influÃ­u moito. Fernando sentiu e entendeu desde moi cedo a complexidade das sociedades nas que viveu, e a primeira delas, a que tivo pegada mais forte nel, foi a de Ferrol. Tamen contou moito para el Viveiro, de onde era a súa familia paterna e coa que tivo unha relacion profunda; e tamen a Galiza mais rural e isolada, a Galiza de montaaÃ­a que coÃ­eceu nas longas estadiÃ­as na Toca, o lugar entre Ferrol e As Pontes onde seus pais fixeran unha casa que nalguns momentos valeulles de refuxio durante a Guerra Civil. Outro, nas mesmas circunstancias e coas mesmas oportunidades de ver e coÃ­ecer ambientes distintos, podÃ­a non se ter interesado por nada do que a vida lle ofrecÃ­a nese sentido, pero Fernando era intelectual e poeta, e esa combinaciÃ³n pouco frecuente abriulle inmensos horizontes e levouno a estar no mundo querendo ver, con todos os sentidos agudizados para entender o que tiÃ­a arredor cando era novo, e adiviÃ­ar o que ainda non tiÃ­a e virÃ­a despois; e a saber, desde o fondo do seu ser, que o mundo era diverso e tiÃ­a moitas facetas e complexidades que o facÃ­an mais interesante. Isto deulle unha extraordinaria capacidade para falar con calquer persoa de calquer lugar, de calquer clase social e de calquer paÃ­s, sen velos nen desde arriba nen desde abaixo. Lembro que os campesinos da Toca apreciÃ­aban porque dicÃ­an: "fala con nÃ³s como se fÃ³semos coma el". E para Fernando eran, efectivamente, como el, eles e calquer outra persoa coa que entrase en contacto. A relacion de dominio e de superioridade e inferioridade para el non existia, e esa elegancia natural e finura espiritual fixo que por ondequer que andivese, por Galicia ou por Londres, tudo o mundo o describese como un *gentleman* e un cabaleiro.

Estamos hoxe en Ferrol recordando a Fernando, unha persoa que naceu aquÃ­ e na que Ferrol influÃ­u moito. Fernando sentiu e entendeu desde moi cedo a complexidade das sociedades nas que viveu, e a primeira delas, a que tivo pegada mais forte nel, foi a de Ferrol. Tamen contou moito para el Viveiro, de onde era a súa familia paterna e coa que tivo unha relacion profunda; e tamen a Galiza mais rural e isolada, a Galiza de montaaÃ­a que coÃ­eceu nas longas estadiÃ­as na Toca, o lugar entre Ferrol e As Pontes onde seus pais fixeran unha casa que nalguns momentos valeulles de refuxio durante a Guerra Civil. Outro, nas mesmas circunstancias e coas mesmas oportunidades de ver e coÃ­ecer ambientes distintos, podÃ­a non se ter interesado por nada do que a vida lle ofrecÃ­a nese sentido, pero Fernando era intelectual e poeta, e esa combinaciÃ³n pouco frecuente abriulle inmensos horizontes e levouno a estar no mundo querendo ver, con todos os sentidos agudizados para entender o que tiÃ­a arredor cando era novo, e adiviÃ­ar o que ainda non tiÃ­a e virÃ­a despois; e a saber, desde o fondo do seu ser, que o mundo era diverso e tiÃ­a moitas facetas e complexidades que o facÃ­an mais interesante. Isto deulle unha extraordinaria capacidade para falar con calquer persoa de calquer lugar, de calquer clase social e de calquer paÃ­s, sen velos nen desde arriba nen desde abaixo. Lembro que os campesinos da Toca apreciÃ­aban porque dicÃ­an: "fala con nÃ³s como se fÃ³semos coma el". E para Fernando eran, efectivamente, como el, eles e calquer outra persoa coa que entrase en contacto. A relacion de dominio e de superioridade e inferioridade para el non existia, e esa elegancia natural e finura espiritual fixo que por ondequer que andivese, por Galicia ou por Londres, tudo o mundo o describese como un *gentleman* e un cabaleiro.

Grazas a este seu talento para entender as sociedades nas que estaba, empezando pola do Ferrol no que nacera, pero sempre guiado polo seu instinto internacional, foi, coido eu, unha das persoas que mellor entendeu o mundo en todas as dimensÃ³ns, local, nacional e internacional. O seu internacionalismo nato nunca o levou a desprezar o localismo, e o seu nacionalismo nunca o levou a perder de vista que o mundo tiÃ­a outra dimensiÃ³n mais ampla que a de cada naciÃ³n. O de ser intelectual autÃ©ntico, e non sÃ³ un especialista nunha materia, fixo que fose capaz de usar a historia para entender o presente; e o de que fose ao mesmo tempo poeta levou a que nunca adquirise a aridez mental que pode vir da mera erudiciÃ³n e o coÃ­ecemento de disciplinas acadÃ©micas. A súa imaxinaciÃ³n e sentimento de poeta dÃ¡banlle outro alento a

abríanlle outra realidade mais exacta; e o seu intelecto aberto e ben formado pola inmensa cultura que atesouraba facía que a súa visión de poeta estivese ben fundamentada e contrastada coa realidade.

Fernando levaba moi adentro na súa personalidade de intelectual e poeta este Ferrol do que falaba moito e que seguramente contribuíu a darlle unha ansia de precisión e exactitude que outros lugares talvez non lle terían dado. Decía, sobre todo cando o comparaba coa Coruña, a miña cidade que lle parecía laberíntica e desordenada, que Ferrol era unha cidade ben trazada, lóxica, racional, e recordaba unha frase que, segun el, dicíase en Ferrol con orgullo, que era que as rúas "estaban tiradas a cordel". Describía Ferrol como unha cidade na que se notaba moito a xerarquía social que impuñan, naqueles tempos da súa infancia e mocidade, a Marina e a Bazán. Para quen tivese curiosidade e a perspicacia aguda que el tiña para descubrir e entender os funcionamentos sociais e as tramas que fan un país e unha cultura, Ferrol foi unha base magnífica, e seguramente aí xurdiu o chispazo inicial que activou a súa inmensa capacidade de ver e intuír o matiz das situacións políticas e sociais en calquer lugar do mundo. Fernando aproveitou e tiroulle moito partido, chamémoslle imaxinativo, ao feito de ter nacido nunha familia de clase media profesional nun Ferrol no que iso era minoría daquela, familia conectada polo lado paterno coa advogacía, a política e o xornalismo, e tamén con Viveiro, o que lle deu a oportunidade de coñecer ben unha Galiza mais rural e profunda, e mais galega tamén naqueles tempos da súa infancia e mocidade. E conectada do lado materno coa Bazán, onde traballara algun tempo a súa nai e toda a vida unha das súas tías. A conexión coa Bazán deulle un sentimento especial polo Ferrol industrial e un interese, que conservou toda a vida, polo posíbel desenvolvemento da industria nesta cidade. Cando falaba da Bazán até chegaba a imitar o acento e vocabulario especiais e o detallismo que, segun el, tiñan os que traballaban na "fatoría". E, por unha desas reviravoltas da vida, cando nos mudamos nos últimos anos de Londres ao Norte de Inglaterra, descubriu con emoción que, perto da cidade onde fomos morar, estaba un lugar que para el tiña grandes resoancias ferrolanas: Barrow in Furness, que fora importante centro industrial e a onde ían para capacitarse os traballadores da Bazán. Outros puntos de referencia centrais e inesquecibles para Fernando, cando falaba do Ferrol da súa xuventude, foron sempre a tertulia do café Suízo e os poetas da revista Aturuxo, aos que apreciaba moito e cós que lle uniu grande amizade.

Fernando falaba do Ferrol da súa infancia como dunha cidade dominada socialmente pola Marina, e pensaba que para a súa educación fora decisivo non se ter quedado no "colexio dos frailes", así chamado, que era o que por categoría social lle correspondía e a onde o levaran ao primeiro, e ter ido en cambio a un colexio menos distinguido e mais pintoresco e variado, no que, polo que contaba, había desde curas que non crían en Deus e o dicían, até aquel magnífico profesor que foi Ricardo Carballo Calero, a quen sempre agradeceu a orientación e o rigor intelectual que lle transmitira. Teño que aclarar que Fernando era moi decidido nalgunhas cousas e, se de verdade quería ou non quería algo, non había quen o puidese mover. Estou segura de que, cando ao primeiro o mandaron ao colexio dos frailes, outro teríase quedado aínda que non lle agradase; el non, igual que decidiu non asistir durante todo un curso ás clases de bacharelato e tivo que andar escondéndose por todo Ferrol para que non o descubrisen, e igual que desde moi cedo, el diría que desde sempre, decidiu marchar ao estranxeiro e así o fixo. Aquel seu deambular polas rúas de Ferrol no curso no que decidiu non asistir ás clases na academia, que coído que era o sexto de bacharelato, facendo o tempo para que na súa casa non se enterasen, descubriu un Ferrol de xardíns e recunchos melancólicos e románticos, aos que algunha vez nos levou a min e a algúns amigos ferrolanos, e que estes descoñecían por completo. Lin hai pouco unha biografía de Charles Dickens na que resalta a enorme influencia que tivo nese autor o seu deambular desde neno polas rúas de Londres, e o coñecemento íntimo que iso lle deu da cidade e dos seus moradores, que logo lle valeu de moito para os seus escritos, e iso fíxome pensar que aquel obstinado deambular de Fernando durante todo un ano polas rúas de Ferrol déralle un coñecemento profundo da cidade que seguramente pouco acadaron e que, como no caso de Dickens, contribuíu moito á súa riqueza mental.

Fernando foi un intelectual puro e riguroso, pero, a pesares da súa inmensa erudición e do tesouro de cultura que acumulou, tiña tamén unha grande intuición e un sentimento de poeta, e sempre quixo conservar, por riba de todo, a liberdade mental, que era o que mais apreciaba. Para el, a vida sen sentimento poético, sen liberdade, e sen a cultura que era parte desa liberdade, era inconcebible. A cultura para el non era un instrumento para acadar algo, e nunca se sentiu superior a ninguén por tela. Era o que lle permitía entender o mundo, un tesouro inagotable que o acompañaba sempre, e nunca se cansou de adquirir mais pezas para ese tesouro. Era unha bagaxe que non pesaba, e así camiñou polo mundo, lixeiro de equipaxe e con liberdade, coa mente sempre aberta, vendo en todo unha ocasión de aprender e sen baixar nunca do nivel elevado no que escolleu vivir. A aprendizaxe continua de idiomas que o caracterizou sempre ía acompañada do deber de entender as culturas e os países correspondentes, e iso era o que mais lle interesaba. Xa cando estaba na Universidade de Santiago sabía francés, inglés e alemán, amais de latín e grego clásicos, que coñecía mellor do que era habitual, e eran tempos en que en España non se lle daba importancia aos idiomas. Logo, xa en Londres, ademais de cultivar o inglés, francés e portugués que usaba acotío no traballo, aprendeu grego moderno,

noruegués e outras línguas escandinavas, nunca abandonou o alemán, que era quizais o idioma que mais o fascinaba, e andivo deambulando por algúns outros até que entrou con paixón no chinés. Esa paixón levouno, logo de ter que aprender de memoria, para empezar, cinco mil caracteres chineses, a obter unha difícil Licenciatura en Estudos Chineses e a pasar un tempo, como estudante, cando andaba case polos cincuenta anos, nunha China que xusto empezaba a abrirse ao extranxeiro. E non parou aí, porque, cando xa andaba polos setenta anos de idade, emprendeu o estudo do hebreu cun entusiasmo que fixo posíbel que pronunciase un discurso nese idioma no Canadá, nunha reunión de xudeus americanos, que logo o felicitaron por falar hebreu mellor que eles.

Para Fernando a adquisición de coñecemento e cultura era desinteresada, unha actividade do espírito que podía ser útil ás veces, pero que non tiña un obxectivo de utilidade inmediata. O seu caudal de coñecemento e a súa sabedoría fixérono unha figura singular e levárono a ir moi adiantado, tanto que, como lles sucede moitas veces aos auténticos pioneiros, moito do que fixo non encaixou na sociedade do seu tempo. Ocupouse da China cando a China aínda non estaba de moda e escribiu un libro, "Flores e Leña", metade tradución directa do chinés ao galego, metade ensaio, coa intención de facer unha aportación á cultura galega que a puidese poñer adiante de moitas outras. El sempre viu con claridade que a China viraría, mais tarde ou mais cedo, un dos países máis importantes do mundo cando daquela eran moi poucos os que o vían, pero non foi iso o que o levou a ocuparse con intensidade dela. Fernando ría cando contaba que un colega en Londres que estaba empezando a estudar ruso achegárase a el un día cando se enterou de que estaba estudando chinés e díxerlle moi preocupado: "Pero entón ti crés que a China é a que vai gañar?", dando por feito que facer o esforzo só tiña sentido para estar entre os futuros gañadores. Ese ir sempre adiantado, mental e espiritualmente, fixo que a súa idea do que era Galicia e do que podería ser non coincidira coa habitual entre os galeguistas daqueles tempos, e só na última década da súa vida encontrou en Xulio Ríos e no IGADI unha empresa galega coa que podía estar dacordo e na que colaborou con entusiasmo.

Para Fernando nunca houbo conflito entre o personal e o colectivo, talvez porque nunca buscou nos outros un reflexo de sí mesmo e os respectou polo que eran de seu. Así foi tamén a súa relación cos países. Nunca viu conflito nen contradición entre ser e sentirse de Ferrol, de Galicia, de Inglaterra, e cidadán do mundo e até do Universo. Non quixo marcar o paso nen deixou que llo marcaran. Viveu sen decaír nunca no seu amor pola liberdade e sen renunciar á súa visión e sentimento de poeta. Nunca renunciou á loita mental, e parte desa loita estivo dedicada a pensar nunha Galicia aberta ao mundo e capaz de ocupar un lugar distinguido nese mundo.

## APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Outros

## ETIQUETAS

Diáspora Tradución Fernando Pérez-Barreiro Ferrol

## IDIOMA

Galego

## INVESTIGACION

Observatorio das Diásporas

### Date Created

Xuño 2, 2015

### Meta Fields

**Autoría :** 3769

**Data publicación :** 2015-05-28 00:00:00